

ACREDITACIÓN COMPETENCIA DIXITAL PARA O ALUMNADO DE 2º BACHARELATO PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO COM-DIX

1

QUE É A CERTIFICACIÓN COM-DIX E PARA QUE VALE?

É a certificación galega en competencias dixitais promovida pola Administración galega e que certifica o nivel que ten unha persoa para utilizar as tecnoloxías dixitais, tanto a nivel persoal como social e profesional.

Servirá para demostrarlle a calquera institución, empresario ou persoa o noso nivel de aptitude no uso das tecnoloxías dixitais.

O certificado terá unha validez de cinco anos a partir da data da proposta de título da alumna ou o alumno ou da realización da proba específica.

CAL É A ESTRUCTURA DO MARCO GALEGO DE COMPETENCIAS DIXITAIS?

5 áreas de dominio 21 competencias 4 niveis de aptitude

Preme no 2 para máis información

2

COMO É ACREDITACIÓN DO ALUMNADO DE BACHARELATO?

1. A obtención do título de bacharel acredita que a alumna ou o alumno ten os coñecementos, habilidades e actitudes das **áreas de dominio 1, 2, 3 e 5 do nivel intermedio** descritas no Marco galego de competencias dixitais.

Dito certificado será solicitado na secretaría do centro EPAPU.

2. O alumnado matriculado en 2º de bacharelato poderá presentarse a unha proba específica co obxectivo de acreditar os coñecementos, habilidades e actitudes propias da área de **dominio 4 do nivel intermedio** descritas no Marco galego de competencias dixitais.

As certificacións ComDix mediante esta proba estarán dispoñibles na Carpeta cidadá da sede electrónica da Xunta de Galicia de cada alumna ou alumno. Sen prexuízo do anterior, o alumnado dos centros públicos recibirán a certificación ComDix a través da aplicación Abalar.

3

REALIZACIÓN DA PROBA

A proba específica que acredita a área de dominio 4 de nivel intermedio realizarase durante o mes de XUÑO.

(data e hora pendente de publicación)

Preme no número 4 para descargar formulario de inscrición á proba

A DATA DE INSCRICIÓN FINALIZA O 22 DE MAIO

4

CONTIDO DA PROBA

A proba específica para acreditar a área de dominio 4, **Seguridade e privacidade**, axustarase á definición de dita área no nivel Intermedio no Marco galego de competencias dixitais (<https://competenciasdixitais.xunta.gal/areas.html>).

A alumna ou o alumno debe responder nun tempo máximo de 20 minutos un total de 12 preguntas de diferente complexidade e tipoloxía.

A proba específica da área de dominio 4 do nivel intermedio considerarase superada ao responder correctamente ao 60% das preguntas.

MODELO EXAME

5